

O PSOE de Vilalba solicita a dimisión de Jesús Bermúdez, ao descubrir que “mentiu deliberadamente” no Pleno sobre as esixenzas administrativas do FIV 2014

Os socialistas piden responsabilidades políticas, ao comprobar que, na información facilitada polo concello, se incumpriron “boa parte dos parámetros” que esixe o Plan de Coordinación de Actividades Empresariais, regulado pola Lei 35/95 de Prevención de Riscos Laborais, e o cumprimento do R.D. 171/2004 que dende a organización dicían ter

Consideran que se trata dun “asunto de extrema gravidade”, pois, ademais dos 85.000 euros que a entidade local tivo que poñer dos orzamentos municipais para cubrir gastos, o edil “deixou ao concello nunha situación clara de incumprimento legislativo”; unha cuestión que “poría en serio apreto ao concello no caso de terse producido un accidente”

VILALBA, 17 DE XANEIRO DE 2015.- Os socialistas vilalbeses solicitan a dimisión de Jesús Bermúdez, concelleiro de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, ao descubrir que dito edil “mentiu deliberadamente” no Pleno, cando dixo “que tiña todo o oportuno en relación ás esixenzas administrativas para celebrar o FIV 2014”.

O grupo municipal do PSOE pide así responsabilidades políticas “por tal despropósito”, pois comprobaron que, na información facilitada pola entidade local, se incumpriron “boa parte dos parámetros” que esixe o Plan de Coordinación de Actividades Empresariais, regulado pola Lei 35/95 de Prevención de Riscos Laborais, e o cumprimento do R.D. 171/2004 que dende a organización dicían ter.

“Todo o que nos dixeron ao respecto non só era falso, senón que non estaba correcto”. Por este motivo, lémbrenlle tanto ao rexedor como ao edil responsable da organización que dito Plan debería de ter a información, cando menos sobre os aspectos seguintes: cumprimento das certificacións dos requisitos da instalación da carpa, do palco, do bar, e da iluminación; condicións específicas a cumprir polo persoal de uso de maquinaria, especialmente da alugada polo concello a empresas particulares; certificacións médicas dos traballadores das empresas contratadas por conta allea; altas nos reximes correspondentes da seguridade social de todos os artistas que participaron; documento municipal para cada empresa que participou na montaxe e traballos varios sobre os riscos propios das tarefas a desenvolver, así como sobre as accións necesarias para a súa prevención; existencia da documentación específica de Prevención de Riscos Laborais de cada empresa; e data de formalización e da remisión á Xunta de Galicia do Plan de Autoprotección.

“Claro incumprimento legislativo”

Neste senso, consideran que se trata “dun asunto de extrema gravidade”, xa que, ademais dos 85.000 euros que houbo que poñer dos orzamentos municipais para cubrir gastos, o concelleiro Jesús Bermúdez, pola falta de, nuns casos pedir e validar a documentación oportuna, e noutros por non xerar a propia ao respecto do Plan de Coordinación e de Prevención de riscos Laborais, “deixou ao concello nunha situación clara de incumprimento legislativo ao respecto da organización do festival”.

“Estamos a falar de que esta non é unha cuestión menor, pois cales serían as consecuencias de terse producido un accidente? Seguiría o Concelleiro Jesús Bermúdez desempeñando a súa actual dedicación de terse producido?”, pregúntanse.